

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 4 DE REFORZO DA CORUÑA**

EDICTO (470/2015).

Eu, Marta Yanguas del Valle, letrada da Administración de xustiza do Xulgado do Social número 4 de reforzo da Coruña, fago saber que no procedemento ordinario 470/2015 deste xulgado do social, seguido por instancia de Eladio Carro Yáñez contra o Fogasa, Falcón Contratas y Seguridad, S.A., sobre ordinario, ditouse sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva son do teor literal:

«A Coruña, 19 de outubro de 2017

Vistos por min, Patricia López Arranz, maxistrada xuíza do Xulgado do Social de reforzo da Coruña, os presentes autos de procedemento ordinario número 470/2015 seguidos ante este xulgado por instancia de Eladio Carro Yáñez, representado pola letrada Catherine Rodríguez Martínez, contra Falcón Contratas y Seguridad, S.A., que non comparece, e contra o Fogasa, que tampouco comparece, procedo a ditar sentenza de conformidade cos seguintes,

Decido que debo estimar e estimo a demanda presentada por Eladio Carro Yáñez e condeno a empresa Falcón Contratas y Seguridad, S.A. a aboar ao demandante a cantidade de 1.881,27 euros.

Con intervención procesual do Fogasa.

Notifíquese a presente resolución ás partes, facéndolles saber que contra esta non cabe recurso.

Dedúzase testemuño literal desta sentenza que quedará nestas actuacións, con inclusión da orixinal no libro de sentenzas.

Así por esta a miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación en legal forma a Falcón Contratas y Seguridad, S.A., en ignorado paradiro, expido o presente edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.



Advírtese a destinataria que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

A Coruña, 19 de outubro de 2017

A letrada da Administración de xustiza

CVE-DOG: tnqxvek0-ezf4-loy5-o102-0ehp6j6qnie2

